

# Concello de Xove

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 20 DE NOVEMBRO DE 2012.**

**Asistentes:****Alcalde-Presidente:**

D. Jose Demetrio Salgueiro Rapa

**Vocais:**

D. José Manuel González Álvarez

D<sup>a</sup> Ana María Abad López

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Meitín Guerreiro

**Secretario:**

D. Luís M<sup>a</sup> Fernández del Olmo

**Interventora:**

D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas do día vinte de novembro de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo e da Interventora D<sup>a</sup> Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión ordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

### **A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.**

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 28 de setembro de 2012.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior de 28 de setembro de 2012.

### **B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA**

#### **B.1) SOLICITUDE DE D. EVANGELINA DOMINGUEZ CUADRADO RELATIVO A PROXECTO BASICO DE CAMBIO DE CUBERTA.**

Vista solicitude formulada por D. Evangelina Dominguez Cuadrado con D.N.I nº: 33.704.792V con domicilio en Vilacha s/n.-(27877 Portocelo) para realización de obras de cambio de cuberta en vivenda sita en Vilachá, S/N (Portocelo). Expediente : 3217/12.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- De acordo coa documentación que se achega, asinada pola solicitante, e con proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico D. Tomás Rodríguez Rapa, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como solo non urbanizable de núcleo rural tradicional, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicada no B.O.P do 14 de julio de 2012. Núcleo rural de Vilacha.
- Se trata de un inmovible antigo coa súa cuberta nun dos seus faldóns en estado ruinoso, tal como se especifica na memoria do proxecto, no seu apartado 1.2.1.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- As obras que se pretenden, no que á súa reparación se refire e aos materiais a empregar, adaptaranse en todo o previsto nos artigos 33 e 34 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, e no que ás condicións se edificación se refire, poderase edificar de acordo co previsto no artigo 44.2, desta Lei.
- Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 12.3.3.Memoria urbanística, xustifícase o cumprimento da Normativa para a edificación que se pretende levar a cabo.
- As obras que se pretenden, polo súa condición de obras de reparación, nin supoñerán aumento de volume nin afectarán a elementos estruturais da edificación agás os elementos sustentastes de cuberta.

- Respetarase ó primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no Artigo 29 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.
  - A cuberta deberá ser de lousa de pizarra.
  - Ao tratarse dun proxecto Básico, previo ao inicio das obras e antes da acta de reformulo, deberase presentar nas dependencias municipais, o correspondente proxecto de execución sen o cal non se poden iniciar as obras, así como a designación de técnicos responsables de diferentes apartados de execución de obra, Director de obra, Director de execución e Coordinador de Seguridade.
  - Dito proxecto de execución deberá presentarse nas dependencias municipais nun prazo non maior de seis meses dende a data do outorgamento da licenza de obra.
  - Coa chegada do proxecto de execución chegarase a correspondente documentación dos técnicos directores de obra, arquitecto e arquitecto técnico, así como o Coordinador de Seguridade e Saúde durante a execución das obras.
  - Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.
  - Previo ao inicio das obras solicítase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario da edificación, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.
  - De acordo co anterior, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.
- 2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.
- 3º) Valórase o presuposto da obra en 12.601,50€.- salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 252,03€.-
- 4º) Fíxase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.
- 5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

**B.2) SOLICITUDE DE D.<sup>a</sup> MARIA JOSEFA ROUCO OTERO RELATIVO A REMODELACION INTERIOR DE PELUQUERIA SITA EN AVDA DIPUTACION Nº 25.-XOVE.**

Vista solicitude formulada por D.<sup>a</sup> María Josefa Rouco Otero con D.N.I nº: 33.858.634-N con domicilio en Avda. Diputación, 28 4º D (27870 Xove) para realización de obras de remodelación interior de peluquería sita en Avda Diputación Nº 25.-Xove.

Expediente: 3341/12

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se acompaña, suscrita pola interesada, así como ao correspondente plano de localización coa situación do terreo, e da Normativa en vigor, (P.X.O.M do Concello de Xove aprobado ó 12-06-2012 e publicado no B.O.P de fecha 14-07-2012), na área en que se encrava a parcela, cuxa calificación urbanística se solicita, a mesma, atópase encravada, dentro da área delimitada como: Solo urban.-ordenanza 2 (o-2): edificación

residencial entre medianeras. Na memoria valorada do proxecto presentado, asinado polo arquitecto técnico D.Tomás Rodríguez Rapa no seu apartado Memoria urbanística, xustifícase o cumprimento da Normativa para os arranxos que se pretenden levar a cabo.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- As obras que se pretenden, polo súa condición de obras de reparación, nin supoñerán aumento de volume nin afectarán a elementos estruturais da edificación.
- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.
- De acordo co anterior, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 4.890,20€.- salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 97,80€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses, e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

### **B.3) SOLICITUDE DE D<sup>a</sup> MARIA DOLORES PEREIRAS FERRO PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR SITA EN REBOREDO 13.-XUANCES.-XOVE.(LUGO).**

Vista solicitude formulada por D. María Dolores Pereiras Ferro con D.N.I. nº33.779.761-Y con domicilio en c/ Luis Cebreiro, 4 (27850 Covas Viveiro) na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación, para vivenda unifamiliar sita en Reboredo, 13 (27877 Xuances).

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte:

EXPEDIENTE: 2927/12

- Obra prevista en proxecto: Edificio para vivenda unifamiliar en Reboredo.-Xuances.-Xove.- Vivenda unifamiliar composta de planta baixa.
- Obra executada: Vivenda unifamiliar composta de planta baixa, con modificación dalgúns dos materias compatibles coas condicións da licenza outorgada.

Obra totalmente executada e en condicións de habitabilidade e uso.

A execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, e de acordo co Decreto 29/2010 de 4 de marzo da Xunta de Galicia.

O volume e superficie da obra executada, é coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal.

A edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente Normativa urbanística do Concello de Xove. ordenanza de aplicación. -Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural. - A obra executada, adáptase a Normativa. -

Vivenda totalmente executada, rematada interiormente, e pintada exteriormente, podéndose outorgar a correspondente Licenza de Primeira Utilización.

Presuposto proxecto de execución - liquidación final: 34.291,69€

Valoración licenza primeira Utilización 0,5% s/p 171,46€

*OBSERVACIÓN:* Deberase solicitar entroncamento municipal de auga.

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, de vivenda sita en Reboredo, 13 (Xuances) que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de Primeira ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 171,46€.

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

### **C) CONTAS E FACTURAS**

#### **C.1) INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES ÓS MESES DE OUTUBRO-NOVEMBRO DE 2012.**

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das indemnizacións por razón de servizo da Alcaldía, correspondentes ós meses de outubro e novembro de 2012 por importe de 590,10 €.

### **D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL**

#### **D.1) AXUDA DE GANDERÍA A D JOSÉ CUADRADO OTERO .**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. José Cuadrado Otero con D.N.I. nº 77.591.674-R , con domicilio en PenasAgudas, 12 (27879 Monte) por morte de un xato, por importe de 120,00€.

#### **D.2) AXUDA DE GANDERÍA A Dª ANA BELEN PIGUEIRAS LOPEZ .**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª Ana Belén Pigueiras López con D.N.I. nº 33.996.334-B, con domicilio en Loureiro, 5 (27879 Monte) por morte de un xato, por importe de 120,00€.

#### **D.3) AXUDA DE GANDERÍA A D. JOSÉ COCIÑA QUELLE .**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. José Cociña Quelle con D.N.I. nº 77.591.722-A, con domicilio en Albarán, 25 (27878 Sumoas) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

#### **D.4) AXUDA DE GANDERÍA A D. DAVID ANSELMO COCIÑA MEITIN .**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. David Anselmo Cociña Meitin con D.N.I. nº 77.5914.179-E, con domicilio en Camiño Real, 25 (27870 Xove) por morte de un xato de 6 días por importe de 120,00€.

#### **D.5) AXUDA DE GANDERÍA A D. JESÚS PÉREZ PEDRE .**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Jesús Pérez Pedre con D.N.I. nº 33.857.175-W, con domicilio en PenasAgudas, 1 (27879 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

#### **D.6) AXUDA DE GANDERÍA A “A MARIÑA S.C.”**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A “A Mariña S.C.” con CIF J27391556, con domicilio en Beltrán, 3 (27878 Lago) por morte dun xato de 17 días, por importe de 120,00€.

#### **D.7) AXUDA DE GANDERÍA A Dª MARÍA DOLORES MÍGUEZ GALDO .**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª María Dolores Míguez Galdo con D.N.I. nº 76.564.008-K, con domicilio en San Cristobo, 18 (27878 Portocelo) por morte de unha xata, con mes e medio de idade, por importe de 200,00€.

#### **D.8) AXUDA DE GANDERÍA A Dª MARÍA LUÍSA PEDREIRA MARTINEZ .**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª María Luísa Pedreira Martinez con D.N.I. nº 33.302.088-C, con domicilio en Vilar, 19 (27878 Lago) por morte de unha vaca de 6 anos de idade, por importe de 400,00€.

#### **D.9) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL: SOLICITUDE DA EMPRESA CORYMA S.A. DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE D. ALBERTO CAO PENA.**

Vista a solicitude da empresa Coryma S.A. para a contratación do traballador D. Alberto Cao Pena, inscrito no Plan de Emprego Municipal.

Visto informe no que se sinala que a residencia efectiva de D. Alberto Cao Pena dende fai como mínimo 6 meses non se atopa no municipio de Xove, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Denegar a adjudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2012 ó non cumprir as bases aprobadas por este Concello, en sesión de 23 de xaneiro de 2012 seguinte:

| <b>Empresa</b>  | <b>Traballador</b>                                |
|---|---|
| Coryma S.A.<br>Parque Empresarial de Camba, P.49, 50<br>27877 Xuances | D. Alberto Cao Pena<br>Vilela, 5 (27879 Rigueira) |

2º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

#### **D.10)EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2012 DE NEW BURGUER S.L. PARA VIVIANE FERREIRA ALVES.**

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2012, e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

| <b>Empresa</b>   | <b>Traballador</b>  |
|--|---|
| New Burguer S.L.<br>Avda. Diputación, 28<br>27870 Xove | Viviane Ferreira Alves<br>Camiño Real, 20 4º B (27870 Xove) |

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 23 de xaneiro de 2012.

3º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

#### **D.11) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2012 DE ANTIDA ALONSO DÍAZ PARA ROCÍO RIVAS CAMPO.**

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada pola traballadora e pola empresaria, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2012, e de conformidade coas bases que o regulan para a empresaria e coa traballadora que se relaciona seguidamente:

| <b>Empresa</b>  | <b>Traballador</b>   |
|---|--|
| Antida Alonso Diaz<br>Avda. Diputación, 25 baixo (27870 Xove) | Rocío Rivas Campo<br>Urb. Palmeiro, 59 3º A (27879 Rigueira) |

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 23 de xaneiro de 2012.

3º) A notificación á empresa e a traballadora, os efectos oportunos.

#### **D.12) ESCRITO DA COMUNIDADE DE MONTES DE LAXAMOURA, PRESENTANDO A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA E SOLICITUDE DE LIBRAMENTO DO 30% RESTANTE DE PAGO**

Visto o escrito presentado pola Comunidade de Montes de Laxamoura, no que se presenta a documentación xustificativa da axuda de 2.000€ concedida pola XGL na súa sesión de data 16/7/2012 para a actividade de Feira de Gando de San Bartolo, 2012.

Visto que a documentación reúne tódolos requisitos esixidos por acordo da Xunta de Goberno Local.

Visto o conforme da Interventora Municipal, acreditando a existencia de crédito comprometido no Presuposto Municipal.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Aceptar a documentación presentada como conta xustificativa do gasto realizado para a obtención da subvención municipal.

2º) O libramento do 30% restante da axuda concedida, e que ascende a 600€. Dito libramento queda condicionado non obstante e de acordo coa base nº 47 da Execución do Orzamento Municipal para 2012, á presentación antes do 20 de decembro de 2012 dos documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante.

#### **D.13) CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL 2012.**

Pola Concelleira de Cultura, Dª Dolores Meitín dáse conta á Xunta de Goberno das bases regulamentadoras para a concesión de premios do concurso de postais para o Nadal de 2012 para a súa aprobación e convocatoria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria a acorda:

1º.- Aprobar as bases reguladoras da concesión de Premios do Concurso de Postais de Nadal, así como a convocatoria para o exercicio 2012.

2º.- Autorizar o gasto de 300,00 € con cargo á parída 334.481 do Estado de Gastos para o exercicio de 2012.

3º.- Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no taboleiro de anuncios do concello ou calquera outro medio.

### **CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL 2012**

O Concello de Xove, dentro do marco das competencias que ten atribuídas pola lexislación vixente ten como obxectivo potenciar a participación cidadá nos actos programados para as datas de Nadal, e realiza para tal fin a convocatoria de premios do Concurso de Postais de Nadal, coas seguintes especificacións:

1.- Entidade adxudicadora

a.- Organismo: Xunta de Goberno Local do Concello de Xove.

b.- Departamento que tramita o expediente: Concellería de Cultura.

2.- Obxecto .- Concesión de premios do concurso de postais de Nadal organizado polo Concello de Xove.

3.- Orzamento e tramitación anticipada do gasto.

A contía máxima prevista destinada aos presentes premios é de 300,00 €, con cargo á partida 334.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal.

A resolución de concesión de premios e polo tanto o recoñecemento da obriga terá lugar en 2013 polo que será de aplicación o artigo 56 da Lei Xeral de Subvencións sobre tramitación anticipada de gasto. A concesión queda así condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

4.- Contía dos premios: Haberá cinco categorías: Preescolar (nenos/as de 3,4 e 5 anos); 1º e 2º de Primaria; 3º e 4º de Primaria; 5º e 6º de primaria e 1º a 4º de ESO. En cada unha destas categorías haberá tres premios, un primeiro, un segundo e un terceiro premio.

Os premios consistirán en lotes de libros ou material escolar valorados en 20 euros. O xurado poderá deixar deserto calquera dos premios, se así o considera oportuno. Unha das postais premiadas poderá ser seleccionada como postal institucional do Concello para as vindeiras festas de Nadal.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

5.- Requisitos dos participantes : Poderá participar no concurso e ser beneficiario destas axudas calquer/a neno/a ou rapaz/rapaza empadroad/a no Concello de Xove en idade escolar (desde preescolar ata 4º de ESO)

A documentación a presentar será a seguinte: -Ficha de inscrición establecida ao efecto. A ficha de inscrición deberá presentarse, xunto coa postal a concursar na Biblioteca Municipal con data límite 21 de decembro.

6.- Procedemento de entrega de premios : Unha vez rematado o prazo de entrega de postais, o xurado reunirse e levantará acta na que consten os premiados por orde decrecente e por categorías. O fallo do xurado darase a coñecer antes do 5 de xaneiro, data de entrega dos premios, con motivo da celebración da cabalgata de reis.

Sobre a acta do xurado, emitirase informe-proposta polo Técnico Municipal de Cultura, que se elevará á Xunta de Goberno Local, órgano competente para a concesión dos premios.

Pola súa consideración de premio en especie, o establecemento ou establecementos comerciais nos que se adquiran os lotes de libros ou material escolar, deberá emitir factura a nome do beneficiario do premio ou do seu titor legal. Non obstante dita factura será abonada polo Concello.

8.-Outras informacións:Concelleira de Cultura ou Técnico Municipal de Cultura. Tflo. 982.59.20.01

### **BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL**

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de incentivar a participación cidadá nos actos programados para o Nadal, establece as

normas reguladoras da participación, as axudas económicas e dos premios que se outorgarán aos participantes que interveñan nos citados actos, de acordo coas seguintes BASES

**PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO .-** Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de confección de postais de Nadal organizado polo Concello de Xove.

**SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES .-** Poderá participar no concurso e ser beneficiario destas axudas calquer/a neno/a ou rapaz/rapaza empadroad/a no Concello de Xove en idade escolar (desde preescolar ata 4º de ESO)

A documentación a presentar será a seguinte:

- Ficha de inscrición establecida ao efecto

A ficha de inscrición deberá presentarse, xunto coa postal a concursar na Biblioteca Municipal coa data límite que se estableza na convocatoria anual.

**TERCEIRA.- NORMAS DE ELABORACIÓN DAS POSTAIS.-** As postais deberán estar relacionadas con motivos navideños. Realizaranse en cartulina, folio ou calquera outro material que se axeite ao tamaño de unha cuartilla ( medio folio).

A técnica a empregar será libre: debuxo a lápis, rotuladores, ceras, collage, etc.

**CUARTA.- COMPOSICIÓN DO XURADO .-** O xurado estará composto por tres membros, seleccionados pola organización do concurso de entre os representantes das asociacións culturais, deportivas ou de outra índole, que consten inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

**QUINTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E TRAMITACIÓN ANTICIPADA DO GASTO**

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 300 euros € (partida 334.481 do Estado de Gastos do Municipal). Os premios serán concedidos no exercicio seguinte ao da convocatoria co que será de aplicación o previsto no artigo 56 da Lei Xeral de Subvencións sobre tramitación anticipada de gasto. A concesión queda así condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

**SEXTA.- PREMIOS .-** Haberá cinco categorías: Preescolar (nenos/as de 3,4 e 5 anos); 1º e 2º de Primaria; 3º e 4º de Primaria; 5º e 6º de primaria e 1º a 4º de ESO. En cada unha destas categorías haberá tres premios, un primeiro, un segundo e un terceiro premio.

Os premios consistirán en lotes de libros ou material escolar valorados en 20 euros. O xurado poderá deixar deserto calquera dos premios, se así o considera oportuno. Unha das postais premiadas poderá ser seleccionada como postal institucional do Concello para as vindeiras festas de Nadal.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

**SÉTIMA.- PROCEDEMENTO DE ENTREGA DE PREMIOS .-** Unha vez rematado o prazo de entrega de postais, o xurado reunirse e levantará acta na que consten os premiados por orde decrecente e por categorías. O fallo do xurado darase a coñecer antes do 5 de xaneiro, data de entrega dos premios, con motivo da celebración da cabalgata de reis.

Sobre a acta do xurado, emitirase informe-proposta polo Técnico Municipal de Cultura, que se elevará á Xunta de Goberno Local, órgano competente para a concesión dos premios.

Pola súa consideración de premio en especie, o establecemento ou establecementos comerciais nos que se adquiran os lotes de libros ou material escolar, deberá emitir factura a nome do beneficiario do premio ou do seu titor legal. Non obstante dita factura será abonada polo Concello.

**OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL .-** A presentación da ficha de inscrición supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas. A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.



DISPOSICIÓN FINAL.- As presentes Bases permanecerán en vigor para os vindeiros exercicios en tanto en canto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

#### **D.14) CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA O II CONCURSO DE KARAOKE DE NADAL.**

Pola Concelleira de Cultura, D<sup>a</sup> Dolores Meitin dáse conta á Xunta de Goberno da convocatoria e das bases regulamentadoras para a concesión de premios do II Concurso de Karaoke de Nadal de 2012 para a súa aprobación e convocatoria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria a acorda:

1º.- Aprobar as bases reguladoras da concesión de Premios do Concurso de Karaoke de Nadal, así como a convocatoria para o exercicio 2012.

2º.- Autorizar o gasto de 630,00 € con cargo á partida 338.481 do Estado de Gastos para o exercicio de 2012.

3º.- Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no taboleiro de anuncios do concello ou calquera outro medio.

#### **CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO II CONCURSO DE KARAOKE DE NADAL 2012-2013.**

O Concello de Xove, dentro do marco das competencias que ten atribuídas pola lexislación vixente ten como obxectivo potenciar a participación cidadá nos actos programados para as datas de Nadal, e realiza para tal fin a convocatoria de premios do I Concurso de Karaoke a celebrar o día 29 de decembro, coas seguintes especificacións:

1.- Entidade adxudicadora

a.- Organismo: Xunta de Goberno Local do Concello de Xove

b.- Departamento que tramita o expediente: Concellería de Cultura

2.- Obxecto.- Concesión de premios do concurso de karaoke de Nadal organizado polo Concello de Xove que se celebrará o venres día 28 de decembro ás 21.30 horas (a fase de ensaios será de 17.00 a 19.00 horas)

3.- Orzamento e tramitación anticipada do gasto.- A contía máxima prevista destinada aos presentes premios é de 630,00 €, con cargo á partida 338.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal. A resolución de concesión de premios e polo tanto o recoñecemento da obriga terá lugar en 2013 polo que será de aplicación o artigo 56 da Lei Xeral de Subvencións sobre tramitación anticipada de gasto. A concesión queda así condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

4.- Contía dos premios.- Haberá tres categorías: Peques, iunior e veteranos. En cada unha destas categorías premiarase a “Mellor voz” (2 premios) e “Mellor caracterización”. No primeiro caso, para a concesión do premio, o xurado atenderá á calidade da voz, modulación ou entonación. No segundo caso valorarase o vestiario, maquillaxe e aspectos similares.

**Peques.** Poderán participar nesta categoría os menores de 12 anos

- 1º Premio á “Mellor voz”: 30 euros
- 2º Premio á “Mellor voz”: 30 euros
- Premio á “Mellor caracterización”: 30 euros

**Iunior.**-Poderán participar nesta categoría as persoas que teñan 12 anos ou máis e que non cumpriran os 18 anos.

- 1º Premio á “Mellor voz”: 60 euros
- 2º Premio á “mellor voz”: 60 euros
- Premio á “Mellor caracterización”: 60 euros

**Veteranos.**- Poderán participar nesta categoría as persoas que teñan 18 anos ou máis.

- 1º Premio á “Mellor voz”: 120 euros
- 2º Premio á “Mellor voz”: 120 euros
- Premio á “Mellor caracterización”: 120 euros

A contía dos premios anteriores é líquida. De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

#### 5.- Requisitos dos participantes

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destas axudas calquera persoa.

A documentación a presentar será a seguinte:

-Ficha de inscrición establecida ao efecto

-Copia do N.I.F. do concursante ou do seu titor legal, para o caso de menores de idade.

A ficha de inscrición deberá presentarse antes das 15 horas do día previo á celebración do concurso ben personándose nas dependencias do Concello de Xove-Oficina do Técnico de Cultura. Tamén poderá presentarse o mesmo día do concurso, de 17 a 19 horas no salón de Actos do Centro Cívico. Non obstante, para os ensaios previos ao concurso terán preferencia os inscritos antes nas dependencias do Concello, tomando en consideración a súa orde de inscrición.

A restante documentación poderá presentarse de xeito simultáneo á ficha de inscrición ou, en todo caso, con carácter previo ao acordo de concesión dos premios. Serán rexeitados aqueles participantes que aínda constando como beneficiario dun premio na acta asinada polo xurado do concurso, non entreguen a documentación que se recolle neste artigo antes do acordo de concesión.

6.- Procedemento de entrega de premios.- Unha vez rematado o concurso, o xurado levantará acta na que consten os premiados por orde decrecente e por categorías. De acordo coa mesma entregarase aos gañadores un cheque-regalo que poderá gastarse en calquera establecemento comercial ubicado dentro do término municipal de Xove.

Sobre a acta do xurado, emitirase informe-proposta polo Técnico Municipal de Cultura, que se elevará á Xunta de Goberno Local, órgano competente para a concesión dos premios.

O establecemento comercial no que o beneficiario decida gastar o seu premio, deberá emitir factura a nome deste ou do seu titor legal, para o caso de menores de idade, especificando o premio e a categoría na que o beneficiario resultou gañador, tal e como conste no cheque-regalo. A factura deberá presentarse polo beneficiario na Tesourería do Concello para o cobro do premio, unha vez concedidos pola Xunta de Goberno Local.

7.-Outras informacións: Concelleira de Cultura ou Técnico Municipal de Cultura. Tfno. 982.59.20.01

### **BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE KARAOKE**

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de incentivar a participación cidadá nos actos programados para o Nadal, establece as normas reguladoras da participación, as axudas económicas e dos premios que se outorgarán aos participantes que interveñan nos citados actos, de acordo coas seguintes

#### **BASES**

##### **PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de karaoke de Nadal organizado polo Concello de Xove.

##### **SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES**

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destas axudas calquera persoa.

A documentación a presentar será a seguinte:

-Ficha de inscrición establecida ao efecto

-Copia do N.I.F. do concursante ou do seu titor legal, para o caso de menores de idade.

A ficha de inscrición deberá presentarse antes das 15 horas do día previo á celebración do concurso ben personándose nas dependencias do Concello de Xove-Oficina do Técnico de Cultura. Tamén poderá presentarse o mesmo día do concurso, de 17 a 19 horas no salón de Actos do Centro Cívico. Non obstante, para os ensaios previos ao concurso terán preferencia os inscritos antes nas dependencias do Concello, tomando en consideración a súa orde de inscrición.

A restante documentación poderá presentarse de xeito simultáneo á ficha de inscrición ou, en todo caso, con carácter previo ao acordo de concesión dos premios. Serán rexeitados aqueles participantes que aínda constando como beneficiario dun premio na acta asinada polo xurado do concurso, non entreguen a documentación que se recolle neste artigo antes do acordo de concesión.

#### **TERCEIRA.- COMPOSICIÓN DO XURADO**

O xurado estará composto por tres membros, seleccionados pola organización do concurso.

#### **CUARTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E TRAMITACIÓN ANTICIPADA DO GASTO**

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 630 euros € (partida 338.481 do Estado de Gastos do Municipal).

Os premios serán concedidos no exercicio seguinte ao da convocatoria co que será de aplicación o previsto no artigo 56 da Lei Xeral de Subvencións sobre tramitación anticipada de gasto. A concesión queda así condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

#### **QUINTA.- PREMIOS**

Haberá tres categorías: Peques, iunior e veteranos. En cada unha destas categorías premiarase a “Mellor voz” (2 premios) e “Mellor caracterización”. No primeiro caso, para a concesión do premio, o xurado atenderá á calidade da voz, modulación ou entonación. No segundo caso valorarase o vestiario, maquillaxe e aspectos similares.

Peques.

Poderán participar nesta categoría os menores de 12 anos

1º Premio á “Mellor voz”: 30 euros

2º Premio á “Mellor voz”: 30 euros

Premio á “Mellor caracterización”: 30 euros

Iunior

Poderán participar nesta categoría as persoas que teñan 12 anos ou máis e que non cumpriran os 18 anos.

1º Premio á “Mellor voz”: 60 euros

2º Premio á “mellor voz”: 60 euros

Premio á “Mellor caracterización”: 60 euros

Veteranos

Poderán participar nesta categoría as persoas que teñan 18 anos ou máis.

1º Premio á “Mellor voz”: 120 euros

2º Premio á “Mellor voz”: 120 euros

Premio á “Mellor caracterización”: 120 euros

A contía dos premios anteriores é líquida. De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

#### **SEXTA.- PROCEDIMENTO DE ENTREGA DE PREMIOS**

Unha vez rematado o concurso, o xurado levantará acta na que consten os premiados por orde decrecente e por categorías. De acordo coa mesma entregarase aos gañadores un cheque-regalo que poderá gastarse en calquera establecemento comercial ubicado dentro do término municipal de Xove.

Sobre a acta do xurado, emitirase informe-proposta polo Técnico Municipal de Cultura, que se elevará á Xunta de Goberno Local, órgano competente para a concesión dos premios.

O establecemento comercial no que o beneficiario decida gastar o seu premio, deberá emitir factura a nome deste ou do seu titor legal, para o caso de menores de idade, especificando o premio e a categoría na que o beneficiario resultou gañador, tal e como conste no cheque-regalo. A factura deberá presentarse polo beneficiario na Tesourería do Concello para o cobro do premio, unha vez concedidos pola Xunta de Goberno Local.

#### **SÉTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A presentación da ficha de inscrición supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estruturadamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

#### DISPOSICIÓN FINAL

As presentes Bases permanecerán en vigor para os vindeiros exercicios en tanto en canto non se acorde a súa modificación ou derrogación expresas.

#### **D.15) SOLICITUDE DE D<sup>a</sup> NIEVES FERNÁNDEZ FRA DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO POR MINUSVALÍA.**

Visto escrito de D<sup>a</sup> Nieves Fernández Fra con D.N.I. nº: 33.764.053-F con domicilio en Camiño Real, 30 (27870 Xove) no que solicita que lle sexa outorgada por parte deste Concello a tarxeta de estacionamento para minusválidos, acompañando certificado do grao de minusvalía do 80%, e no que sinala que non ten dificultades graves de mobilidade que lle impiden a utilización de transporte colectivo.

Visto ó informe emitido pola Traballadora Social, e a documentación obrante no expediente; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

1º) Conceder a tarxeta de estacionamento solicitada, adscrita ó vehículo marca Peugeot 207 matrícula 4948-GZV.

2º) A notificación D<sup>a</sup> Nieves Fernández Fra con domicilio en Camiño Real, 30 (27870 Xove) os efectos procedentes.

#### **D.16) PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE ALUGUER DE TRES VIVENDAS SOCIAIS SITAS NA RÚA AGRAMONTE, 17 E 19 (XOVE) E SOBRE A PRORRÓGA DE OUTROS TRES CONTRATOS DE ALUGUER PREEXISTENTES..**

Por Secretaría dáse conta da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe literalmente:

*D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove, VISTO que na actualidade o Concello de Xove dispón de tres vivendas ubicadas na Rúa Agramonte; no nº: 19 ( Pisos 1º Esquerda e 2º Esquerda ) e no nº: 17 ( Piso 1º Esquerda ) antigamente reservadas a mestres.*

*Que é intención do goberno municipal continua-lo programa municipal de vivenda adicado aquel sector de poboación que carece dos recursos económicos necesarios para acceder en propiedade á vivenda mesmo ás de promoción pública e que incluso pode ter problemas para acceder ó mercado de aluguer.*

*VISTO o Informe emitido pola Traballadora Social verbo da petición de prórroga interesada polos alugatarios das vivendas ubicadas na Rúa Agramonte; no nº: 19 ( Pisos 1º Dereita; 3ª Esquerda e 3º Dereita ).*

*VISTO que por causa de que algunhas das vivendas tanto do inmovible nº 17 como do nº 19 seguen a estar ocupadas por mestres é complicado constituir formalmente as correspondentes comunidades de veciños e a atención axeitada das zonas comúns dos inmobles.*

*VISTO a necesidade de ter que acometer en breve prazo obras de mantemento que afectan a elementos estruturais dos inmobles ( cuberta, balcóns – terrazas, fachadas, etc... )*

*Pola presente propoño á Xunta de Goberno Local ( acordo plenario de delegación de data 17/06/2011 ):*

*PRIMEIRO: Prorrogar por prazo de UN ANO o contrato de aluguer formalizado cos seguintes alugatarios:*

- *D. Bruno Albo Ocampo ( Bloque 19 Piso 1º Dereita )*
- *Dna. Conceição Costa Ramada (Bloque 19 Piso 3º Dereita )*

- *Dna. Samira Housni Jbarat ( Bloque 19 Piso 3º Esquerda ).*

*Polas razóns anteriormente expostas a presente prórroga non poderá ser obxecto dunha segunda ampliación agás supostos de emerxencia social e falla de alternativas que deberán ser acreditados mediante informe ó efecto elaborado polos servicios sociais municipais.*

*SEGUNDO.- Inicia-lo procedemento de adxudicación en réxime de aluguer das vivendas de titularidade municipal ( bens de carácter patrimonial ) ubicadas na Rúa Agramonte; no nº: 19 ( Pisos 1º Esquerda e 2º Esquerda ) e no nº: 17 ( Piso 1º Esquerda ) anteriormente referenciadas polo trámites reflectidos nas Bases aprobadas por unanimidade dos membros da Corporación Municipal na sesión plenaria de data 11 de xaneiro de 2007 coas modificacións seguintes:*

*A).- Ós efectos de que tódolos alugatarios abonen a mesma renda se modifica o artigo 3º de ditas Bases de xeito que a renda mensual inicial queda fixada en 89´30 € trala aplicación do IPC da última anualidade, co recordatorio expreso da obrigatoriedade de abonar a cota correspondente ao seguro do inmovible.*

*B).- Co obxecto de axiliza-la tramitación do expediente ( tendo en conta que a tramitación das adxudicacións orixinarias tardaron case 1 ano ) se modifican e reducen, garantíndose en calquera caso os principios de publicidade e transparencia, os prazos que a seguir se relacionan:*

- Art. 8º.1: O prazo de presentación de solicitudes pasa de un mes a 15 días naturais.*
- Art. 8º.5: O prazo para enmendar erros ou omisións reducedese de 20 días a 10 días naturais. - Art. 9º.1.- O prazo máximo para que a Xunta de Goberno Local, tralos preceptivos informes dos Servicios Sociais Municipais e do visto e prace da Xunta de Portavoces, aprrobe a lista provisional de adxudicatarios pasa de 3 meses a 1 mes.*
- Art. 9º.3.- O prazo de exposición pública da lista provisional de adxudicatarios pasa de 1 mes a 15 días naturais. “*

*C).- O prazo de duración do correspondente contrato de aluguer será de UN ANO contado a partir do día seguinte á data de formalización do mesmo*

*Polas razóns anteriormente expostas dito prazo non poderá ser obxecto de prórroga agás supostos de emerxencia social e falla de alternativas que deberán ser acreditados mediante informe ó efecto elaborado polos servicios sociais municipais.*

*D).- Ós efectos do disposto no Art. 7º.b); actualízase a contía do IPREM de xeito que, cos datos actuais; a metade do IPREM anual acada o importe de 3.195´06 € e o IPREM total anual 6.390´12 €.*

*E).- Modifícase o art. 7º. b) de xeito que o solicitante deberá cumpli-lo requisito de estar empadroadado e con residencia efectiva ininterrompida no Concello de Xove desde polo menos o 1 de xaneiro de 2009.*

*Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda, aproba-la Proposta de Alcaldía anteriormente transcrita e proceder a efectua-la correspondente convocatoria mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia, no xornal “ La Voz de Galicia – A Mariña ) e mediante bandos colocados nos lugares de costume.*

*Sen máis asuntos que tratar, sendo as once horas e trinta minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, exténdéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.*

**Vº e PR  
O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.